

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 19/08/2024**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
SONIA OUTÓN CASAL  
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 19/08/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .  
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 12 de agosto de 2024, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2024/3049**

Dáse conta de escrito presentado por D. Wenceslao Besada García solicitando a modificación de sinalización (borrado pintura amarela) na intersección da Avda. de Cornazo coa Rúa Vandorra.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que unha vez comprobada a sinalización na intersección de avda. de Cornazo con Rúa Vandorra, consideran que a mesma debe quedar como está (líña amarela ata a posición dos coletes de lixo), posto que para facilitar a saída e a visibilidade dos vehículos procedentes da Rúa Vandorra é necesario o espazo libre.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle a conformidade co indicado no informe da Policía Local.

**PRP2024/3050**

Dáse conta do escrito presentado por CD FINCAS VILAGARCÍA, administrador da Xunta de Arrendatarios Bosque Desamparados 24, solicitando o cambio de localización da reserva para persoas con discapacidade, concedida ao Centro de Día, en rúa Bosque dos Desamparados nº 24, por limitar a visibilidade da saída do garaxe do citado inmovible.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que o cambio de localización da reserva de espazo podería causar inconvenientes para as persoas que acoden ao centro, considerando mais apropiada a instalación dun espello que melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios do garaxe.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

**PRP2024/3051**

Dáse conta de escrito presentado por Dona María Isabel Santos Torrado, solicitando a sinalización de paso de peóns na confluencia de Rúa Canelas con rúa Valle Inclán, para que os peóns que acceden dende Rúa Canelas poidan chegar ao paseo.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a Rúa Canelas non dispón de beirarrúas, polo que os peóns camiñan pola calzada, existindo na actualidade marcas viais que determinan dos carris de circulación, polo que non sería factible iniciar o paso de peóns no medio dun carril de circulación.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno local acorda denegar o solicitado por Dona M<sup>a</sup> Isabel Santos Torrado.

**PRP2024/3053**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con queixas de veciños da zona de Guillán, que manifestan que teñen dificultades á hora de cruzar na Rúa Carballal na súa confluencia coa Rúa As Pias, xa que nesta rúa existe en sentido Guillán unha senda (paso peonil) na marxe dereita, que finaliza á altura da intersección coa Rúa Carballal, onde segundo estes veciños xerese risco á hora de cruzar a devandita rúa, polo que solicitan se prolongue o pintado da senda nesta confluencia, a modo de paso de peóns.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a prolongar o pintado da senda na confluencia das Rúas As Pias coa Rúa Carballal, a modo de paso de peóns. Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Sinalización - Alvaro).

**PRP2024/3054**

Dáse conta de escrito presentado por D. Jesús Ramón García García solicitando sinalización na entrada da vivenda, situada en Rúa do Buido nº 8, xa que ao non existir beirarrúa nin sinalización estacionan os vehículos na entrada da vivenda dificultando o acceso á mesma.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización horizontal diante da entrada da vivenda para evitar o estacionamento de vehículos e facilitar o acceso á mesma.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Sinalización - Alvaro)

**PRP2024/3055**

Dáse conta do escrito presentado por Dona M<sup>a</sup> Carmen Señoráns Barreiro, no que indica que na Rúa García Hermo aparcan vehículos que invaden parte da entrada da Rúa o que dificulta a entrada e saída dos vehículos dos usuarios da citada rúa, así como a visibilidade na intersección, e solicita se realicen as xestións necesarias para impedir o aparcamento nas inmediacións do cruce.

Visto o informe da Policía Local, no que se indica que se trata dunha rúa estreita e que efectivamente o estacionamento de vehículos conleva a redución da visibilidade do vial que conflúe á altura do nº 6 da Rúa García Hermo, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización con liña amarela co fin de evitar o estacionamento de vehículos na zona.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Sinalización - Álvaro).

**PRP2024/3058**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Yasmina Rubin Prieto solicitando a colocación de placa no nome da Rúa Acevo, en Sobradelo dado que a mesma carece de placa identificativa.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2024/3060**

Dáse conta do escrito da Asociación de Comerciantes e Ind. Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, solicitando a colocación de sinalización indicativa de dirección á Praza de Abastos.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a incluír esta sinalización aproveitando os postes xa instalados nos seguintes puntos:

- Na Rotonda da Avda. de Cambados con Pablo Picasso, nos tres accesos:

1.- N-640.

2.- Avda. Cambados dende Dr. Tourón

3.- Avda. Cambados dende Avda. de Vilanova.

- Na rotonda de Valle Inclán con Pablo Picasso, nos dous accesos:

1.- Avda. Pablo Picasso dende Avda. de Cambados.

2.- Rúa Vallen Inclán dende Víctor Pita.

- Na rotonda de Avda. Rosalía de Castro, nos tres accesos:

1.- Rúa Doutor Moreira Casal.

2.- Avda. Rosalía de Castro dende Avda. Juan Carlos I

3.- Avda. Rosalía de Castro dende Carril.

- Na rotonda de Avda. Rivero de Aguilar con rúa Elpidio Villaverde.

- Na rotonda de Valle Inclán con Avda. da Mariña.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Sinalización).

### **PRP2024/3071**

Dáse conta do escrito presentado por D. Martín Paz Piñeiro no que indica que existía unha reserva de carga e descarga na Rúa San Roque, á altura do nº 20 e que foi suprimida, polo que solicita se habilite outra zona nas inmediacións.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que efectivamente no lugar da zona de carga e descarga se atopan instalados colectores de lixo, considerando necesaria a sinalización dunha zona de carga e descarga debido á existencia de diversos negocios e establecementos comerciais, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha nova zona de carga e descarga á altura aproximadamente do nº 12.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Sinalización - Álvaro).

### **PRP2024/3129**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Angel Serra Parada, no que indica que debido á realización do carril bici na Rúa Ramón Cabanillas os separadores de goma colocados invaden o vao permanente á altura do nº 8, dificultando a manobra de acceso ao garaxe polo que solicita a reubicación dos mesmos.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á retirada de 1 separador de cada lado da entrada do garaxe co fin de evitar as molestias indicados polo Sr. Serra Parada.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Sinalización - Álvaro).

### **PRP2024/3134**

Dáse conta de escrito da Federación Galega de Ciclismo no que indican que é a organizadora da 22 Volta Ciclista a Galicia, proba de carácter nacional reservada para as categorías de Elite e Sub 23 que se vai a disputar entre os días 12 e 15 de setembro e contando que a Volta transitará por este Concello o día 15 de setembro e solicitan autorización do paso da 22 Volta Ciclista a Galicia

polo termo municipal en cumprimento ao Decreto 98/2000, do 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos, actividades recreativas e deportivas que se desenvolvan en máis dun termo municipal na Comunidade Autónoma de Galicia. Dáse conta de informe da Policía Local no que indican que atendido ao horario da proba, por parte da Policía Local poderíase participar no dispositivo coa cobertura de 5 postas, aqueles de maior complexidade, os demais deberán ser cubertos polo persoal de seguridade da proba e/ou persoal de apoio da Fundación de Deportes ou Protección Civil.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o paso da mesma.

Dar conta á Policía Local, Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais e Protección Civil aos efectos oportunos.

#### **PRP2024/3149**

Dáse conta de escrito presentado por CD FINCAS VILAGARCÍA SL, en representación de CP PRIORATO 1, trasladando queixas recibidas por parte dos veciños por ladridos dun can que acostuma a atoparse na parte traseira do edificio, o que causa molestias aos residentes, e solicitan a adopción de medidas necesarias a fin de dar unha solución a tal situación.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que indican que dende o 18 de abril non houbo mais quixqas por este motivo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora

#### **PRP2024/3174**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Bety Marilyn Orellana Rodríguez, solicitando autorización para predicar o evanxelio con altavoz na Vía Pública en varios puntos (mercado, Praza de Galicia, etc).

Visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización para a ocupación de vía pública na Praza de Galicia, **sen altavoz**, e debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **CONSUMO**

#### **PRP2024/3084**

Dáse conta de reclamación formulada o día 19/01/2024 por D. Daniel Muñoz Ruíz en representación de AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS con CIF: A60917978 e de D. DARIO LUNA BETANZOS DNI: 35487725J, na que reclama, segundo a súa manifestación, os danos

sufridos o día 04/11/2023, no vehículo matrícula 2553JMR, ao caer unha árbore situada no cemiterio municipal enriba dunha valla e logo ésta enriba do citado vehículo.

Tendo en conta os informes que obran no expediente e sendo a cantidade reclamada segundo a factura presentada pola reparación, por un importe de 2.501,36 €, a Xunta de Goberno Local acorda: Primeiro: aprobar o gasto e o recoñecemento de obrigación a favor de D. Dario Luna Betanzos con DNI: 35487725J pola cuantía de 180 € e a favor de AXA Seguros Generales S.A. de Seguros y Reaseguros con CIF: A60917978, por importe de 420 €, en concepto de franquicia establecida na Póliza de R.C. suscrita con Mutua General de Seguros, con cargo á partida 929.22699.

Segundo: comunicar este pagamento á empresa aseguradora Mutua General de Seguros para que proceda ao aboamento pola diferenza entre a franquía concertada na póliza asinada (600,00 €) e o total da cantidade reclamada (1.901,36 €).

## **MULLER E PERSOAS MAIORES**

### **PRP2024/3158**

O Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade, na súa sesión do día 15 de novembro de 2016, unha Proposición non de Lei pola que se instaba ao Goberno para promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero. O pasado decembro do 2017 ratificouse dito Pacto.

Mediante Resolución transferencias de 11 de xullo de 2024 da Secretaría de Estado de Igualdade para o exercicio 2024, o Concello de Vilagarcía de Arousa é beneficiario da cantidade de 18.623,45€ (BOE 19 de xullo de 2024).

Posto que segundo foi xustificado no seu momento e agora publicado o Concello tería un remanente de 1.819,82€ do derradeiro exercicio xustificado, (o 2022), compensable no exercicio 2024. A cantidade resultante a ingresar é 16.803,63€.

A competencia no Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación aos programas e proxectos en materia de igualdade e violencia, obxecto destes fondos, corresponde á Área de Igualdade-CIM.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Que sexa incorporada ao orzamento da Área de Igualdade-CIM proxecto Pacto de Estado 2024 para o presente ano a cantidade de 18.623,45€ Esta contía será a resultante da transferencia de fondos do Ministerio de Igualdade por importe de 16.803,63e mais a incorporación de 1.819,82€ de fondos propios desta Área de Igualdade como remanente do ano 2022.
- Que os fondos deste proxecto que non estean comprometidos a data de 31 de decembro de 2024 se incorporen ao orzamento do 2025 para continuar coa súa execución ata o 30 de xuño, data na que finaliza o proxecto.

Asemade infórmase:

- que o período de execución destes fondos é o comprendido entre o 1 de xullo de 2024 e o 30 de xuño de 2025.
- Debendo estar xustificadas a 30 de setembro de 2025 como data límite.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.